

# Actividades da Asociación



fig. 1

Aínda que cada ano a última actividade da Asociación consiste fundamentalmente na publicación da nosa revista, começaremos por ela á hora de falar do realizado no período que vai de finais de 2003 ó remate de 2004. Pois ben, o número 14 de Croa, tal e como pasou xa co nº 13, verá a luz despois da Asemblea anual, malia non ser intención da Xunta Directiva demorar tanto a súa saída e distribución. Estes retrasos veñen imperativamente marcados polos autores, que non sempre poden entregar no prazo previsto os seus traballos, se ben quedan cumplidamente disculpados por este feito pois, ademais da súa desinteresada colaboración, gracias a eles pode seguir adiante unha iniciativa cultural como esta publicación que, así nos consta, xa ten un gañado prestixio nos seus ámbitos de distribución e unha entidade res-

petable como boletín de información cultural e científica, a maiores de seguir sendo, como cando naceu, un elemento de comunicación entre os nosos asociados.

Noutra orde de cousas, hai que anotar que continuamos cos encargos de obxectos e reproducións para a súa venda na Recepción do Museo. Por unha parte, encargouse ó coñecido artesán Manolo Miranda una nova edición de ‘pins’ de bronce, que reproducen o puñal de antenas e o aplique coa mascarilla de bronce, ambas pezas, claro está, expostas no Museo do Castro. Ademais, fixemos un novo encargo, esta vez ó deseñador catalán Txe Aymat, consistente en dous marcalibros metálicos que reproducen o pasarellas e o xa citado puñal; uns e outros (figura

1) parecen ter grande éxito entre o público visitante.

Non por repetido é menos importante destacar unha vez máis os contactos e a colaboración permanente coa Federación Española de Amigos de los Museos (FEAM), así como co Clube Cultural Valle-Inclán, de Lugo.

Do mesmo xeito, e acompañando ó propio Museo, colaborouse e participouse na IV Festa Balura (Xornadas de Identidade Chairega), celebradas en Castro de Rei no mes de xullo (figura 2) e nas que cómpre destacar o percorrido pola Ruta da Escrita – entre Coea e Castro de Rei –, cunha andaina dedicada nesta ocasión a salientar os seus aspectos patrimoniais (arqueolóxicos, etnográficos e, en fin, históricos). (figura 3).

Tal como se acordara na Asemblea Extraordinaria convocada para tal fin, e por mor da nova lexislación sobre asociacionismo, cultural no noso caso, unha vez elaborados e aprobados na devandita Asemblea os novos e actualizados Estatutos da Asociación, presentáronse no organismo competente na materia (Consellería de Xustiza e Interior da Xunta) para convertérense así no noso regulamento de actuación e funcionamento. Unha vez que sexan sancionados e rexistrados



fig. 2

administrativamente, farase unha publicación a xeito de encarte ou similar neste mesmo Boletín, para facilitar o seu coñecemento tanto para os socios actuais como para os futuros membros que se inscriban.

Concluímos o relatorio de actividades do pasado ano coa mención da viaxe cultural ás terras zamoranas, realizado entre o 30 de abrile o 2 de maio de 2004. En primeiro lugar, na cidade de Zamora puidemos apreciar os cambios que dun tempo para acó tiveron lugar nesta capital, no sentido da recuperación do seu rico e variado patrimonio histórico-artístico, destacándose mesmo a peonalización parcial do seu casco vello, o que contribúe a crear unha cidade moito más humana.

Tamén fixemos un percorrido pola *Ruta arqueológica de los valles zamoranos*, na que cómpre lembrar o campamento romano de *Petavonium* (figura 4) (coa súa Aula Didáctica, informativa e ata divertida - por aquello de poder disfrazarse de lexionario...-, así coma o Centro de

Recepción de visitantes asociado ó Castro de Arrabalde, ou a Igrexa románica de Sta. Marta de Tera, unha verdadeira xoia vinculada a un dos camiños xacobeos procedentes do Sur.

A viaxe completouse con dúas paradas que non por breves foron menos intensas e interesantes: a primeira foi na ampla comarca da Sanabria, nos arredores do seu lago glaciar e a conseguinte visita á Aula da Natureza instalada no antigo Mosteiro de San Martín de Castañeda, na que tan xeitosamente se explica todo o patrimonio natural e cultural do contorno. O xantar en Puebla de Sanabria permitiu apreciar, entre outras cousas, as melloras que supuxeron a restauración do castelo e de varios edificios do núcleo antigo desta vila, tan ligada á historia de Galicia.



fig. 3



fig. 4

A derradeira parada foi para visitar, xa en terras ourensás do Bolo, o Santuario das Ermidas, coa magnificencia barroca da súa igrexa

e dos elementos asociados, que nos fixeron esquecer o arriscado descenso en autobús; tras trepar desde aquel espectáculo de pedra e arte

retornamos a Lugo, logo de botar unha rápida ollada ás minas romanas das “Médulas de Caldesiños”.

Dos nosos asociados depende a continuidade destas viaxes culturais, sexan de varios días (maiormente en “pontes” festivas) ou dunha soa xornada. Neste sentido, e como xa se explicou noutras ocasións, o citado Clube Cultural Valle-Inclán de Lugo ofrece a posibilidade de sumarse ó seu denso calendario de viaxes (entre outras actividades culturais moi diversas), participando en igualdade de condicións económicas cós membros daquela entidade amiga.